

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

---



## CURSO: 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- CIENCIAS DA NATUREZA
- CIENCIAS SOCIAIS
- ED. ARTÍSTICA
- LINGUA CASTELÁ
- LINGUA GALEGA
- MATEMÁTICAS

**ANO ACADÉMICO: 2020/2021**

**CENTRO: CEIP DE AGOLADA**

**CENTRO: CEIP DE AGOLADA**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

---

**CIENCIAS DA NATUREZA**

**CURSO: CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**ANO ACADÉMICO: 2019/2020**

## ÍNDICE

1. GLOSARIO .....	3
2. CONTEXTO.....	5
• Centro.....	5
• Alumnado.....	5
• Obxectivos .....	5
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA .....	9
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	12
6. METODOLOXÍA.....	14
7. AVALIACIÓN .....	15
Avaliación inicial .....	15
Avaliación continua .....	15
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	16
Indicadores de logro do proceso de ensino .....	16
Indicadores de logro da práctica docente.....	16
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	17
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	18
Medidas ordinarias e extraordinarias .....	18
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	20
12. REFERENCIAS NORMATIVAS.....	20
13. ADDENDA: Adaptación so contexto COVID .....	21

# 1. GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
<b>Criterios de cualificación</b>	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). <b>O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.</b>
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “ <b>o valor</b> ” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
<b>Procedementos e instrumentos</b>	
Rúbrica	Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a <b>integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente</b> (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis póñense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	<b>A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos</b> , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).

Nivel de desempeño das competencias	<b>Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade</b> (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	<b>Exemplo: B1.1: B1:</b> Bloque de contido / <b>1:</b> Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	<b>Exemplo: XHB1.1.2</b> <b>XH:</b> Abreviatura da área: Xeografía e Historia. <b>B1.</b> Bloque de contidos do que xorde o estándar. <b>1.</b> Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. <b>2.</b> Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

## 2. CONTEXTO

### • Centro:

**Situación**

O centro sitúase na vila de Agolada.

**Centros adscritos**

Está adscrito ao IES Laxeiro de Lalín.

**Ensinanzas que oferta o centro**

Oferta Educación Infantil e Primaria.

**Características singulares**

### • Alumnado:

Acolle alumnos procedentes do concello de Agolada.

A lingua maioritaria entre os alumnos é o galego cunha porcentaxe aproximada do 90%. Desde o punto de vista socioeconómico predominan os alumnos de orixe campesiña, aínda que as familias dalgúns residentes en Agolada dedícanse ó sector servizos. Así mesmo existen algunhas pequenas industrias, o que representa o 15% da actividade económica.

**Poboación inmigrante**

No curso actual no hai alumnos procedentes de poboación inmigrante.

**Alumnado con NEAE no curso actual**

Alumnado con dislalia e dificultades de atención e concentración; con déficit de atención e dificultades de lectoescritura; con déficit de atención e dificultades de lectoescritura e cálculo.

**Outras características: O grupo compóñeno 4 nenos e 2 nenas**

### • Obxectivos

a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidades nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i	Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo o espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
l	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
m	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
n	Desenvolver as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da súa personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
ñ	Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### 3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS		Material de ref. (libro de texto, outros...)	Temporalización		
	Tema/ UD/ Prox	Bloque		Contido	Mes	Sesións
			<b>B2</b>	<b>BLOQUE 2: O SER HUMANO E A SAUDE</b>	Unidade	
2		B2.1	O corpo humano e o seu funcionamento.	1	Set/ Out	8
		B2.2	As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.			
		B2.3	Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.			
		B2.4	Saúde e enfermidade.			
		B2.5	Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	2	Out/ Nov	8
		B2.6	Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde.			
		B2.7	Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...			
		B2.8	Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais.			
		B2.9	A relación dos demais. Toma de decisións.			
		B2.10	A igualdade entre homes e mulleres.			
		B2.11	Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.			
		B2.12	Identificación de sistemas de conservación alimentaria.			
		B2.13	Pirámide alimentaria.			
		B2.14	Análise de dietas equilibradas.			
3		<b>B3</b>	<b>BLOQUE 3: OS SERES VIVOS</b>	3	Nov/ Dec	6
		B3.1	Diferenza entre seres vivos e inertes.			
		B3.2	Identificación de animais e de plantas como seres vivos.			
		B3.3	Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables.			
	B3.4	Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.				
1		<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>	Proxecto	Dec	4
		B1.1	Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.			
		B1.2	Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.			
		B1.3	Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e			

		impresión.			
	B1.4	Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.			
	B1.5	Iniciación á actividade científica.			
	B1.6	O traballo cooperativo.			
	B1.7	Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.			
	B1.8	Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.			

	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...).	Temporalización		
	UD / Tema / Prox	Bloque B3	Contido		Mes	Sesiões	
				<b>BLOQUE 3: OS SERES VIVOS</b>	Unidade		
2ª avaliación	3	B3.4	Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.	4 e 5	Xan	6	
		B3.5	Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.	6	Feb	6	
		B3.6	Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgúns especies existentes en Galicia.	4, 5, e 6	Mar	6	
		B3.7	Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.				
		B3.8	Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.				
		B3.9	Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados empregando distintos soportes textuais.				
	1	B1	<b>BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>		Proxecto	Mar	4
		B1.1	Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.				
		B1.2	Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.				
		B1.3	Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión.				
		B1.4	Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.				
		B1.5	Iniciación á actividade científica.				
		B1.6	O traballo cooperativo.				
B1.7		Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.					
B1.8	Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.						

	UNIDADES DIDÁCTICAS / PROXECTOS / TEMAS			Material de ref. (libro de texto, outros...).	Temporalización	
	UD / Tema / Prox.	Bloque B4	Contido		Mes	Sesiões
				<b>BLOQUE 4: MATERIA E ENERXÍA</b>	Unidade	
3ª avaliación	4	B4.1	O sol e a auga como fontes de enerxía.	7	Abril	6
		B4.2	Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.			
		B4.3	Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida.			
		B4.4	Intervención da enerxía na vida cotiá.			
		B4.5	Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.			
		B4.6	A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.			
		B4.7	Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.			
		B4.8	Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz.	8	Abril/ Maio	8
		B4.9	Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.			
		B4.10	Realización de experiencias con mesturas.			
	B4.11	Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.		Maio	2	



	B4.12	Procedementos de separación.	7		
	<b>B5</b>	<b>BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBOXECTOS E MÁQUINAS</b>	Unidade		
5	B5.1	Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).	9	Maio/ Xuño	8
	B5.2	Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.			
	B5.3	Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.			
	B5.4	Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.			
	B5.5	Prevenión de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.			
1	<b>B1</b>	<b>BLOQUE 1: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>	Proxecto	Xuño	4
	B1.1	Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.			
	B1.2	Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.			
	B1.3	Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión.			
	B1.4	Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.			
	B1.5	Iniciación á actividade científica.			
	B1.6	O traballo cooperativo.			
	B1.7	Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.			
B1.8	Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.				

#### 4. RELACIONAR ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE / PROXECTO / TEMA

Temporalización: 1ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliados		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Elementos transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais											
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV			
1	B2.1	B2.1	CNB2.1.1	cmcct	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	50%	50%	50%	20%			30%					x	x							
	B2.2 B2.3		CNB2.1.2	cmcct/ccl	Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	100%	50%	50%	20%			30%			x	x								x	
2	B2.4	B2.2	CNB2.2.1	cmcct/csc	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	100%	20%	50%	20%			30%			x	x							x		
	B2.5		CNB2.2.2	csc/csiee	Identifica e valora as súas habilidades persoais.	50%	10%					50%		50%									x		
	B2.6		CNB2.2.3	cmcct	Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para a súa prevención.	100%	20%	50%	20%			30%			x	x							x	x	
	B2.7		CNB2.2.4	caa/csc	Planifica, de forma autónoma e creativa actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	50%	20%					50%		50%										x	
	B2.8	B2.3	CNB2.3.1	cmcct	Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	100%	10%	50%	20%			30%			x	x									
	B2.9		CNB2.3.2	cmcct	Identifica sistemas de conservación alimentaria.	50%	10%	50%	20%			50%			x	x									
B2.10	CNB2.3.3		cmcct	Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	50%	10%					50%		50%	x											
3	B3.1	B3.1	CNB3.1.1	cmcct	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	100%	100%	50%	20%			30%			x	x	x								
	B3.2																								
	B3.3																								
	B3.4																								
P	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	B1.1	CNB1.1.1	caa/ccl/cmcct/csiee	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	100%	20%	50%	20%					30%	x	x							x		
			CNB1.1.2	ccl/cmcct/cd	Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	100%	20%	50%	20%					30%		x	x	x							
			CNB1.1.3	caa/cmcct/csiee	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	50%	10%							100%										x	
			CNB1.1.4	caa/cmcct/cd	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	50%	10%					50%		50%	x			x	x					x	
			CNB1.1.5	caa/cmcct	Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.	100%	10%	50%	20%					30%		x								x	
	B1.5	B1.2	CNB1.2.1	caa/cmcct/csiee	Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	50%	10%					50%		50%	x	x							x		
			CNB1.2.2	cmcct/ccl	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	50%	10%					50%		50%		x									
	B1.6 B1.7 B1.8	B1.3	CNB1.3.1	caa/cmcct/csc/csiee	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	50%	10%							100%									x	x	x

#### LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

#### LENDAS DE TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.
EV	Educación e seguridade viaria.

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade / proxecto / tema

Temporalización: 2ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliados		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais												
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV				
4	B3.4 B3.6 B3.7 B3.8	B3.1	CNB3.1.1	cmcct	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	100%	25%	50%	20%			30%					x	x								
			CNB3.1.3	cmcct/caa	Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	50%	10%					50%		50%	x	x	x									
			CNB3.1.4	cmcct/ccl	Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	50%	30%					50%		50%	x	x	x									
	B3.9	B3.2	CNB3.2.1	cmcct	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	100%	25%	50%	20%			30%		50%		x										
			CNB3.2.2	cmcct/ccl/csiee/cd	Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	50%	10%					50%		50%		x		x	x							
5	B3.4 B3.6 B3.7 B3.8	B3.1	CNB3.1.1	cmcct	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	100%	25%	50%	20%			30%					x	x								
			CNB3.1.3	cmcct/caa	Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	50%	10%					50%		50%	x	x	x									
			CNB3.1.4	cmcct/ccl	Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	50%	30%					50%		50%	x	x	x									
	B3.9	B3.2	CNB3.2.1	cmcct	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	100%	25%	50%	20%			30%				x										
			CNB3.2.2	cmcct/ccl/csiee/cd	Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	50%	10%					50%		50%		x		x	x							
6	B3.5 B3.6 B3.7 B3.8	B3.1	CNB3.1.2	cmcct	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	100%	50%	50%	20%			30%					x	x								
			CNB3.1.3	cmcct/caa	Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	50%	20%					50%		50%	x	x	x									
			CNB3.1.4	cmcct/ccl	Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	50%	30%					50%		50%	x	x	x									
P	B1.1 B1.2 B1.3 B1.4	B1.1	CNB1.1.1	caa/ccl/cmcct/csiee	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	100%	20%	50%	20%					30%	x	x					x					
			CNB1.1.2	ccl/cmcct/cd	Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	100%	20%	50%	20%					30%		x	x	x								
			CNB1.1.3	caa/cmcct/csiee	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	50%	10%							100%								x				
			CNB1.1.4	caa/cmcct/cd	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	50%	10%					50%		50%	x			x	x			x				
			CNB1.1.5	caa/cmcct	Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.	100%	10%	50%	20%					30%		x						x				
	B1.5	B1.2	CNB1.2.1	caa/cmcct/csiee	Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	50%	10%					50%		50%	x	x					x					
			CNB1.2.2	cmcct/ccl	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	50%	10%					50%		50%		x										
B1.6 B1.7 B1.8	B1.3	CNB1.3.1	caa/cmcct/csc/csiee	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	50%	10%							100%							x	x	x				

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade / proxecto / tema

Temporalización: 3ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliábeis		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais												
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais												
								Proba escrita	Proba oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. clase	Rúb.	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV				
7	B4.1	B4.1	CNB4.1.1	cmcct/csc	Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	100%	25%	50%	20%			30%			x	x										
	B4.2		B4.3	B4.4	B4.5	CNB4.1.2	cmcct/ccl/csc	Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	50%	10%			50%		50%		x									
	B4.6		B4.7	CNB4.1.3	ccmcct/csc	Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.	50%	10%					50%		50%		x			x	x					
	B4.10	B4.3	CNB4.3.1	cmcct	Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.	100%	25%	50%	20%			30%				x			x							
	B4.11		CNB4.3.2	cmcct	Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	50%	20%					50%		50%			x			x						
	B4.12		CNB4.3.3	cmcct	Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.	50%	10%					50%		50%		x	x		x							
8	B4.8	B4.2	CNB4.1.3	cmcct/csc	Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	50%	50%					50%		50%	x	x										
	B4.9		CNB4.2.2	cmcct	Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	100%	50%	50%	20%			30%			x	x			x							
9	B5.1	B5.1	CNB5.1.1	cmcct/csc/csiee	Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.	50%	25%					50%		50%		x			x							
	B5.2		CNB5.1.2	cmcct/ccl	Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.	100%	25%	50%	20%			30%				x										
	B5.3	B5.2	CNB5.2.1	cmcct/ccl/csc	Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	100%	25%	50%	20%			30%				x										
	B5.4		B5.5	CNB5.2.2	cmcct/caa/cccec/cd/csiee	Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgun obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	50%	25%					50%		50%					x						
P	B1.1	B1.1	CNB1.1.1	caa/ccl/cmcct/csiee	Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	100%	20%	50%	20%					30%	x	x			x							
	B1.2		CNB1.1.2	ccl/cmcct/cd	Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	100%	20%	50%	20%					30%		x	x	x								
	B1.3		CNB1.1.3	caa/cmcct/csiee	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	50%	10%							100%						x						
	B1.4		CNB1.1.4	caa/cmcct/cd	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.	50%	10%					50%		50%	x		x	x		x						
			CNB1.1.5	caa/cmcct	Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.	100%	10%	50%	20%					30%		x				x						
	B1.5	B1.2	CNB1.2.1	caa/cmcct/csiee	Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	50%	10%					50%		50%	x	x			x							
			CNB1.2.2	cmcct/ccl	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	50%	10%					50%		50%		x										
	B1.6	B1.7	B1.8	B1.3	CNB1.3.1	caa/cmcct/csc/csiee	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	50%	10%					100%					x	x	x					

## 5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</li> <li>- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</li> <li>- Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.</li> <li>- Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.</li> <li>- Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.</li> <li>- Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</li> <li>- Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.</li> <li>- Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.</li> <li>- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.</li> <li>- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</li> <li>- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</li> <li>- Manifiesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> <li>- Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</li> <li>- Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.</li> <li>- Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.</li> <li>- Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.</li> <li>- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.</li> <li>- Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.</li> <li>- Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferenza prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.</li> <li>- Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais(carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.</li> <li>- Clasifica e diferenza alimentos en función dos nutrientes principais.</li> <li>- Identifica sistemas de conservación alimentaria.</li> <li>- Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.</li> <li>- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.</li> <li>- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.</li> <li>- Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.</li> <li>- Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.</li> <li>- Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.</li> <li>- Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</li> <li>- Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.</li> <li>- Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.</li> <li>- Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.</li> <li>- Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.</li> <li>- Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.</li> <li>- Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.</li> <li>- Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.</li> <li>- Separa compoñentes dalgúns mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.</li> <li>- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.</li> <li>- Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.</li> <li>- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</li> <li>- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</li> <li>- Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</li> <li>- Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</li> <li>- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>

<b>CAA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</li> <li>- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> <li>- Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</li> <li>- Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.</li> <li>- Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.</li> <li>- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.</li> <li>- Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.</li> <li>- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>
<b>CSC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferenza prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.</li> <li>- Identifica e valora as súas habilidades persoais.</li> <li>- Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.</li> <li>- Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.</li> <li>- Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.</li> <li>- Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.</li> <li>- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.</li> <li>- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</li> </ul>
<b>CCEC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>
<b>CSIEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</li> <li>- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> <li>- Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.</li> <li>- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Identifica e valora as súas habilidades persoais.</li> <li>- Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.</li> <li>- Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.</li> <li>- Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</li> </ul>

## 6. METODOLOXÍA

### Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
  - o Combinar traballo individual e cooperativo.
  - o Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Uso das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

### Estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas...
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).

### Exemplo de secuenciación de traballo na aula

Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses ou mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

## **7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓNS E PROMOCIÓ DO ALUMNADO.**

### **• Avaliación inicial.- Procedemento**

As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o mes de setembro.

#### **OBXECTIVOS:**

- a) Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos das áreas.
- b) Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- d) Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.
- e) Enlazar as aprendizaxes dos alumnos-as do cuarto curso de Primaria co quinto curso.
- f) Detectar dificultades de aprendizaxe.

### **• Avaliación continua.- Procedemento**

A avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución.

Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles

È importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta.

Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación que se concretan na programación de cada área.

#### ***Periodicidade coa que se farán probas escritas***

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro.



*Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información*

1. Busca de información
2. Presentación
3. Exposición Oral
4. Caderno de clase
5. Traballos de aula
6. Lectura da biblioteca de aula
7. Axilidade mental para o cálculo
8. Respecto polas normas, polo material e polos compañeiros.

A nota final será a nota da media das tres avaliacións.

**• Criterios de cualificación**

<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>Valores</b>
Probas escritas (en cada exame especificase o valor de cada ítem)	40%
Probas orais (temos unha rúbrica onde se aclaran os puntos a ter en conta)	20%
Escalas de valoración para:	Total= 20%:
- Estudo e traballo diario,	5%
- Caderno	5%
- Tarefas extraescolares	5%
- Participación na clase	5%
Actitude e esforzo	10%
Proxectos	10%

**• Recuperación de notas**

**Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada**

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas de este modo.

Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén, recuperala.

Nas probas escritas incluíranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

- Recuperación de avaliación

Cada avaliación e dado que a avaliación e continua e no nivel de 3º de Primaria a nota da avaliación recuperarase na seguinte. **A nota da 3ª avaliación será a nota final**

## 8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

- **Periodicidade** coa que se revisará.
- Revisarase anualmente.
- **Contidos** que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- **Medidas** que se adoptarán como resultado da revisión.

### Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"><li>• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.<ul style="list-style-type: none"><li>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</li><li>b) Espazos diferenciados.</li><li>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li></ul></li><li>• Desdoblamento de grupos.</li><li>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</li><li>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</li><li>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</li></ul>

